

Campus de Pontevedra

Escola
de Enxeñaría
Forestal

Grao en Enxeñaría
Forestal

Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

45

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

O obxectivo deste grao é formar enxeñeiros/as forestais que respondan ás necesidades do sector forestal e da sociedade en xeral. Este titulado/a está capacitado para desenvolver tarefas relacionadas coa xestión, conservación e explotación dos espazos naturais e forestais; realizar obras de hidroloxía, reforestación e conservación de solos; xestión de caza e pesca. Asemade o graduado é un profesional que posúe coñecementos sobre o tratamento

e aproveitamento industrial da madeira e dos seus produtos, o desenvolvemento de proxectos de xeración de enerxía renovable a partir de biomasa forestal, o control da calidade de produtos forestais; o deseño e acabado do moble; o desenvolvemento de proxectos para a instalación de industrias forestais; a realización de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico forestal etc.

Saídas profesionais

— Sector privado: empresas de xestión dos recursos naturais, comunidades de montes veciñais en man común, empresas de repoboacións, aproveitamento forestal, xestión forestal, empresas auditoras e certificadoras, sector medioambiental, industrias forestais e da madeira, enerxías renovables (biomasa), dirección de obras de enxeñaría.
— Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i): centros públicos/privados de I+D+i, centros de investigación en recursos forestais, departamentos de investigación das universidades.

— Exercicio libre: proxectos e peritaxes, asesoría forestal, natural e medioambiental etc.
— Docencia.
— Administración pública local, provincial, autonómica (Dirección Xeral Montes, Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, Dirección Xeral Conservación da Natureza), estatal (Magrama) e europea.

Especialidades

— Explotacións forestais

— Industrias forestais

Primeiro curso

Primeiro cuadrimestre

Expresión gráfica e cartografía
Física I
Matemáticas e informática
Fundamentos de economía da empresa

Segundo cuadrimestre

Ampliación de matemáticas
Física II
Química
Biología vexetal

Segundo curso

Primeiro cuadrimestre

Hidráulica e hidroloxía forestais
Edafoloxía
Estatística
Ecoloxía forestal
Zooloxía e entomoloxía forestal

Segundo cuadrimestre

Electrotecnia e electrificación rural
Botánica
Topografía, teledetección e SIG
Silvicultura

Terceiro curso

Primeiro cuadrimestre

Construcións forestais
Impacto ambiental
Maquinaria forestal
Repooboacións
Proxectos

Segundo cuadrimestre

Aproveitamentos forestais
Dasometría e ordenación de montes
Lexislación e certificación forestal
Aproveitamentos enerxéticos de biomasa forestal
Incendios forestais

Cuarto curso

Primeiro cuadrimestre

Tecnoloxía da madeira
Industrias de primeira transformación
Organización industrial e procesos na industria da madeira
Innovación e desenvolvemento de produtos na industria da madeira

Segundo cuadrimestre

Proxecto de fin de grao
Tres optativas

Optativas

Planificación física e ordenación territorial
Xestión de caza e pesca
Patoloxía e pragas forestais
Silvopascicultura

Xestión de espazos protexidos e biodiversidade
Xestión ambiental na industria forestal
Control de calidade na industria forestal
